

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/09/2015 10:11:07

**SAIDA 10098/15**

D<sup>a</sup> Victoria Martíns Rodríguez

[vikimaro@uvigo.es](mailto:vikimaro@uvigo.es)

Expediente: D.3.Q/995/15

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2015

Estimada sra.:

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia dos seus escritos referentes ao uso inapropiado e abusivo respecto da conta de correo institucional da Universidade de Vigo por parte dun funcionario que achegaba correos electrónicos con contidos machistas, misóxinos, ofensivos ou de contido sexual á conta da comunidade. Un dos escritos achegaba un amplo resumo deses correos electrónicos remitidos desde dúas contas de correo da Universidade de Vigo: [xascopo@uvigo.es](mailto:xascopo@uvigo.es) e [sergiopajares@uvigo.es](mailto:sergiopajares@uvigo.es).

**ANTECEDENTES**

Por este motivo promoveuse unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaban estas queixas, solicitando informe ao reitor da Universidade de Vigo para os efectos previstos no artigo 22.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

**1.-** Da documentación achegada co escrito de queixa desprendíanse as seguintes situacións:

- O contido das mensaxes non tiña que ver cos obxectivos fundamentais da institución universitaria: ensinanza e investigación. Na meirande parte, as expresións e contidos eran misóxinos, obscenos, homófobos e machistas. Facíase alusión a persoas concretas nunha conta dirixida á comunidade e de uso aberto para os usuarios da Universidade de Vigo dados de alta nela; empregábanse termos insultantes; difundíanse nalgúns correos relatos pornográficos; e creábase unha imaxe denigrante da condición feminina, ridiculizando ás mulleres.

- A persoa usuaria da conta estaba perfectamente identificada e era completamente responsable de todas as actividades realizadas coas súas contas de acceso e coa súa caixa de correo asociada á organización. Na solicitude de informe pedíase ao reitor que o goberno desa universidade aclarase se o uso que se estaba a facer desas contas considerábase axustado á normativa e a política de utilización aprobada o 24 de febreiro de 2010 e si se entendía que respectaba a calidade do servizo.

- A reitoría debía informar sobre si eses contidos respectaban ou non os termos e prohibicións englobados no documento sobre o abuso no correo electrónico da propia Universidade de Vigo.

-Debia informar tamén sobre si consideraba que esas mensaxes podían ser incluídas ou non na prohibición de *“distribuír de xeito masivo grandes cantidades de mensaxes con contidos inapropiados para a nosa organización”*. Esta acción figura como completamente prohibida nas normas de uso.

-Que medidas sancionadoras foron adoptadas ante as queixas, denuncias ou reclamacións presentadas por estas prácticas e, en particular, sobre o envío de correos con alusións persoais a membros da comunidade universitaria que solicitaron expresamente deter esta práctica, tal como recollen as normas de uso e se deriva da documentación achegada.

-As normas de uso das contas de correo da Universidade de Vigo salientan que estará penalizado coa cancelación da caixa de correo o envío a listas de distribución de correo de mensaxes que comprometan a reputación da organización ou violen as leis españolas. Solicitábase que a reitoría da Universidade de Vigo e o seu equipo de goberno manifestasen si consideraban ou non que esas mensaxes enviadas desde o seu servidor ou desde unha conta institucional de tipo organizativo vencellada a un servizo concreto podían comprometer á súa reputación e son ou non unha violación das leis españolas.

2.- O informe foi requirido novamente á Universidade de Vigo e foi finalmente recibido o 29 de abril. No entanto, recibimos información sobre a citación para comparecencia na celebración de actos de conciliación no xulgado competente por parte das persoas afectadas nos feitos descritos en este expediente. O resultado de tales actos procesuais foi comunicado a esta institución de modo informal.

Cómpre salientar que o artigo 20 da lei reguladora do Valedor do Pobo establece que non se entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderase se, iniciada a actuación, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais expostos nas queixas

presentadas. En calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, en tempo e en forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

3.- No informe achegado pola Universidade de Vigo sinálase, textualmente, o seguinte:

*"Nos seus escritos con rexistro de saída n2 2065/15 do 25 de de febreiro de 2015 e 3973/15 de 9 abril de 2015, requírese desta Reitoría información relativa ao problema que motivou unha queixa presentada por dona Victoria Martins Rodríguez, en relación co contido de correos electrónicos publicados por un traballador desta universidade, D. Sergio Pajares. Doutra banda, no seu escrito do 13 de abril de 2015 traslada unha queixa de parte de unhas "persoas promotoras da queixa" en contra dos correos electrónicos emitidos polo mesmo PAS, polo que pasamos a responder conxuntamente.*

*A este respecto queremos trasladarlle o seguinte, en relación á utilización da lista de correo en xeral:*

*A Universidade de Vigo pon á disposición dos membros da comunidade universitaria unha lista de correos que baixo esa denominación, "Comunidade", acolle un foro de libre expresión que ven sendo utilizado con total liberdade dende a súa creación. A súa utilización, como a de calquera medio de expresión, supón un equilibrio entre a liberdade de expresión e o dereito ao honor e ao respecto, polo que debe basearse na responsabilidade dos usuarios. Como se recolle na "Normativa de uso dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo" aprobada en Consello de Goberno de data 16 de marzo de 2006 no seu Artigo 7.1- "Os usuarios son completamente responsables de tódalas actividades realizadas coas súas contas de acceso e co seu buzón de correo asociado".*

*Segundo os datos actuais, nesta lista están dados de alta 2200 usuarios, que intercambian información e comentarios de todo tipo sen que exista censura. Só en ocasións moi concretas xorden conflitos ou reclamacións por parte dos usuarios. Estas reclamacións poden aparecer de xeito interpersoal, por un cruce de correos entre dúas ou un grupo reducido de persoas, ou ben porque os comentarios realizados por un membro da comunidade fire a sensibilidade dun grupo ou colectivo.*

*A actuación da universidade nesas situacións é a seguinte: En primeiro lugar, aténdense todas as reclamacións que se reciben, respondendo a todos os escritos de xeito xustificativo. No caso de ser necesario, o servizo de Asesoría Xurídica analiza as reclamacións recibidas para valorar se son materia de esixencia de responsabilidade disciplinaria. Se é así, iníciase un procedemento información reservada, que puidera derivarse nun expediente disciplinario, de selo caso.*

*Nos casos nos que non se aprecia materia para a existencia de responsabilidade disciplinaria, pero o conflito interpersoal mantense, lévanse a cabo actuacións de intermediación e conciliación para a solución destas situacións, con bo resultado ata o de agora.*

*En resposta á situación concreta que centra as reclamacións presentadas, indicámoslle que:*

*En efecto, o Sr. Pajares Domínguez realizaba os envíos dende a conta asociada ao seu posto de traballo (xascopo@uvigo.es). Compre indicar que, cando o posto de xefe de Área de Servizos á Comunidade de Pontevedra foi ocupado por outro funcionario, creouse unha nova conta para ese servizo. A raíz dunha reclamación presentada diante desta Secretaría Xeral a finais do ano pasado polo feito de que o Sr. Pajares seguira utilizando a devandita conta, tomáronse as medidas oportunas e, dende hai uns meses, esa conta institucional xa non é utilizada. O sr. Pajares, como membro da comunidade universitaria da UVIGO, ten dereito a unha conta de correo persoal, que é a que ven empregando na actualidade.*

*En canto aos contidos "misóxinos, obscenos, homófobos e machistas" a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo interveu, poñendo en coñecemento do equipo reitoral o malestar pola aparición destas mensaxes na lista de Comunidade. A resultas delo, foi convocada a Comisión de Igualdade da UVigo, como órgano encargado de apoiar e asesorar a todos os órganos de goberno e de representación da institución en materia de igualdade. Celebrouse unha xuntanza 4/02/2015 para tratar este tema e acordou emitir o seguinte comunicado:*

**«A Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo, na súa sesión celebrada o 04/02/2014, acordou por unanimidade mostrar a súa reprobación a calquera emprego, en foros ou espazos públicos da comunidade universitaria, de linguaxe e imaxes que atenten contra a dignidade das mulleres.**

**Considera que as canles de difusión existentes son ferramentas básicas para a comunicación, o debate e a transmisión de ideas e saberes dentro da comunidade, mais o seu mal uso pode e está a reflectir unha imaxe estereotipada e sexista das mulleres que contribúe a afondar nas desigualdades de xénero existentes. Desigualdades e estereotipos que esta Universidade e esta Comisión consideran absolutamente inaceptables.**

**É responsabilidade de todas e cada unha das persoas que conforman a comunidade universitaria garantir que se goce dun ambiente laboral e académico no que o dereito á igualdade de trato e a dignidade das persoas se respecten escrupulosamente en todo momento. Apelando á devandita responsabilidade individual, a Comisión desexa e solicita que no futuro estas**

situacións non se repitan e, atendendo ao mandato e ás competencias que ten encomendadas, realizará as accións que considere oportunas para que isto sexo así.»

*Na mesma sesión, a Comisión acordou remitir unha carta persoal ao autor das mensaxes referidas para que «apelando á súa responsabilidade individual como membro da comunidade universitaria, solicitarlle que, no exercicio da súa liberdade de expresión evite o envío de correos nos que a linguaxe e as imaxes que emprega promovan unha visión estereotipada e sexista das mulleres». Compre indicar que, dende o envío destes escritos, non se teñen recibido novos correos con contidos que puideran ser cualificados de discriminatorios.*

*Polo tanto, a Universidade como institución actuou dentro das súas competencias. É certo que algúns reclamantes esixen que se estableza un sistema de moderación nas listas de correo. Queremos indicar que a vontade do equipo reitoral é que este foro que se pon ao servizo da comunidade siga a ser unha manifestación da liberdade expresión, polo que non se desexa establecer un sistema de moderación ou censura dos contidos das mensaxes publicadas. Pero, sen dúbida, é o Consello de Goberno o órgano competente para debater este tema e tomar as decisións que a este respecto considere oportunas. No seu regulamento de réxime interno establécese o mecanismo para que calquera membro da Comunidade universitaria poida facer chegar esta petición diante deste órgano. Este camiño non foi seguido por ningún dos reclamantes. Antes ben, algunhas das persoas promotoras das queixas optaron por trasladar as mesmas a distintos foros, alleos á Universidade (prensa, partidos políticos, concellos, etc) de maneira descontextualizada, causando un dano á imaxe da Universidade.*

*Novamente, trasladámoslle a nosa intención de proseguir a dar solución aos problemas que xurden na Universidade dentro do propio seo da institución e, como non pode ser doutro xeito, colaborar con todas as institucións que, como o Valedor do Pobo, son unha garantía dos dereitos dos membros da nosa comunidade universitaria.*

## ANÁLISE

O informe achegado pola Universidade de Vigo iniciase cunha serie de consideracións xenéricas sobre a utilización da lista de correo por parte dos membros da comunidade universitaria e os principios que regulan o seu uso, recollidos nunha normativa aprobada en 2006. Refírese a continuación ao procedemento para resolver as reclamacións que se reciben, avaliando se son ou non materia de esixencia de responsabilidade disciplinaria o que daría lugar, no seu caso, ao correspondente procedemento ou a vías de conciliación e intermediación.

O informe céntrase despois no caso concreto da actuación da Universidade de Vigo nas reclamacións presentadas contra o Sr. Pajares Domínguez. Basicamente, a adopción de medidas para que o devandito funcionario non utilizara unha conta de correo vinculada a unha concreta unidade administrativa (a xefatura da Área de Servizos á Comunidade de Pontevedra) a través da que viña remitindo fai anos as súas mensaxes, xunto coa súa conta de correo persoal no servidor institucional, coa extensión uvigo.es; e, por outra parte, a referencia as actuacións da Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo que emitiu un comunicado e unha carta persoal ao autor das mensaxes referidas “apelando á súa responsabilidade individual como membro da comunidade universitaria”.

O informe conclúe que a Universidade como institución actuou dentro das súas competencias e fai unha serie de consideracións sobre a vontade do equipo reitoral de que o foro da comunidade sega a ser unha manifestación da liberdade de expresión e os mecanismos axeitados para facer chegar suxestións sobre o seu funcionamento ao Consello de Goberno, órgano competente para debater este tema.

Tendo en conta o anterior, e á vista de que os feitos que foron obxecto das queixas tiveron unha elevada difusión no ámbito da Universidade de Vigo; que transcenden, con moito, o que pode cualificarse como conflito interpersoal; que supuxeron unha grave perturbación da convivencia no seo da comunidade universitaria e que poden afectar de xeito significativo á imaxe da universidade como institución, cómpre facer as seguintes consideracións.

a) A Comisión de Igualdade, órgano que ten conferidas as funcións apoiar e asesorar a todos os órganos de goberno e de representación da Universidade de Vigo en materia de igualdade, no seu comunicado de 4 de febreiro de 2015, reprobou o emprego, en foros ou espazos públicos da comunidade universitaria, de linguaxe e imaxes que atenten contra a dignidade das mulleres. Este comunicado foi consecuencia da intervención da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, poñendo en coñecemento do equipo reitoral o malestar pola aparición destas mensaxes na lista de Comunidade. O xuízo sobre o carácter inaceptable desas manifestacións o fai unha unidade da propia universidade.

b) Esas mensaxes afástanse de xeito claro do fin deste foro nun servidor institucional dunha universidade pública e constitúen un uso da rede para fins alleos ós da institución. Cómpre salientar que a natureza da canle empregada ten unha decisiva importancia na delimitación do dereito de liberdade de expresión. Neste sentido, o ámbito que pode ter, por exemplo, unha revista satírica, unha caricatura ou unha peza burlesca contextualiza o emprego de certos recursos ou contidos que serían inadmisibles noutros foros nos que os códigos de actuación a as finalidades dos recursos son outros. Especificamente, os servizos que ofrece a Área de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións considéranse fundamentais para cumprir o seu obxectivo de apoio á docencia, investigación e xestión.

Non é irrelevante que unha parte moi significativa das mensaxes fora enviada desde a conta asociada a un posto de traballo da Universidade de Vigo. O informe da universidade manifesta que a raíz dunha reclamación presentada diante desta Secretaría Xeral a finais do ano pasado polo feito de que o Sr. Pajares seguira utilizando a devandita conta, tomáronse as medidas oportunas e, dende hai uns meses, esa conta institucional xa non é utilizada. Porén, o sr. Pajares, que como membro da comunidade universitaria da UVIGO ten dereito a unha conta de correo persoal, empregou a conta co seu nome coa extensión uvigo.es e, xa que logo, no servidor corporativo.

c) Malia que a Universidade de Vigo trata de preservar a liberdade de expresión dos usuarios das contas de comunidade, a propia normativa interna prevé que os espazos públicos de debate se poidan dotar de normas de funcionamento e nomear un moderador ou administrador que as aplique. Con respecto á liberdade de expresión, o artigo 5.11 establece que en caso de que un usuario non utilice adecuadamente os devanditos espazos poderá cancelarse o dereito de envío ás listas. Non se fixo así, senón que se lle enviou unha carta apelando á súa responsabilidade individual.

d) A liberdade de expresión con frecuencia entra en colisión cos dereitos á honra, á intimidade e a propia imaxe, que aparecen como límite expresamente recoñecido no artigo 20 da Constitución. En caso de conflito deberá levarse a cabo a correspondente ponderación de bens, tendo que analizar cada unha das circunstancias concorrentes, de forma tal que cada caso necesitará dun exame particularizado sen que sexa posible a aplicación automática de regras xerais. Con todo, existen unhas pautas, postas de relevo en especial pola xurisprudencia, que será necesario ter presentes á hora de analizar calquera conflito entre os dereitos do artigo 18.1 e os do artigo 20. Unha delas é que en ningún caso resultará admisible o insulto ou as cualificacións claramente difamatorias (SSTC 204/2001, de 15 de outubro; 20/2002, de 28 de xaneiro; STC 181/2006; STC 9/2007).


e) Foron moitas as ocasións en que distintos usuarios da conta de comunidade da Universidade de Vigo manifestaron o seu rexeitamento ao contido e expresións utilizadas nas contas do funcionario Sr. Pajares sen que desde as instancias competentes se actuase de xeito rotundo para que cesara nunha actividade allea ao desenvolvemento das súas funcións na universidade e que perturbaba gravemente a outros/as usuarios/as. Houbera bastado con que a Universidade de Vigo aplicara a súa propia normativa para o uso dos recursos informáticos e redes para que as actuacións do Sr. Pajares, denunciadas no seu escrito, tiveran cesado de inmediato evitando o dano a imaxe da universidade que se ten producido por unha inaceptable conduta individual que foi, ao noso criterio, indebidamente tolerada durante moito tempo. Una sinxela aplicación da doutrina xurisprudencial dos límites dos dereitos fundamentais tivera sido suficiente.

## CONCLUSIÓN

No mes de febreiro de 2015, (a primeira denuncia é de 2006 e desde xullo de 2014 se intensificaron as reclamacións), cesaron os envíos destes correos electrónicos ás listas de comunidade, segundo se informa. Por este motivo, sería extemporáneo formularlle á Universidade de Vigo unha recomendación para que adoptase medidas nunha situación que semella ter cesado.

Por todo o anterior, conclúese este expediente. Non obstante, no caso de que este tipo de condutas se reproduciran no futuro podería vostede instar a actuación desta institución, se é o seu desexo, dándonos conta do acontecido.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoa atentamente

A handwritten signature in black ink, reading "Milagros Otero", is written above a horizontal line. A vertical line descends from the left side of the signature, extending past the printed name below.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo